

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL VALDOVIÑO

Bases proceso selectivo contratación técnico deportivo

A N U N C I O

Bases do proceso selectivo para a contratación en réxime laboral temporal dun/dunha técnico deportivo no concello de Valdoviño.

Por decreto da Alcaldía núm. 141/2016, aprobáronse as bases xerais e específicas e convocatoria para a provisión en réxime de contratación laboral temporal por concurso-oposición, dun/dunha técnico deportivo, que de seguido se transcriben.

O prazo de presentación de solicitudes é de 5 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Inclúese modelo de solicitude.

BASES XERAIS E ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN POR CONCURSO-OPOSICIÓN, DUN/DUNHA TÉCNICO DEPORTIVO EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL.

BASES XERAIS

1.- Obxecto da convocatoria e normas xerais.

O obxecto desta convocatoria é a selección dun/dunha TÉCNICO DEPORTIVO, dentro do programa de apoio ó deporte regulado pola Convocatoria da Deputación da Coruña (B.O.P. nº 221, de 18 de novembro de 2015) pola que se establece o programa de subvencións a concellos e entidades locais para a contratación de persoal técnico deportivo durante o ano 2016.

A contratación farase baixo o réxime de laboral temporal. O contrato será o 75% da xornada.

As funcións e tarefas que han ser desempeñadas pola persoa seleccionada consistirán en desenvolver os programas deportivos do concello, e en especial o relacionado co deporte escolar e federado, realizar tarefas de apoio á xestión deportiva do concello, e as de carácter extraordinario como carnavais, campamentos de verán ou Nadal do concello ou en colaboración con outros concellos e colaborar nas campañas deportivas da Deputación, acompañamento de transporte municipal, e estudar, elaborar e difundir os proxectos de animación deportiva e apoiar ao Departamento de Cultura e Deporte en todas as actuacións deportivas que se realicen ao longo do ano.

O traballo realizarase por distintas parroquias do Concello, sendo necesario que o traballador dispoña dun vehículo para desprazarse por todo o termo municipal.

As retribucións serán de 1.308,50 € brutos mensuais, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias, que poderá verse modificado segundo a subvención concedida.

2.- Sistema de selección e duración.

Concurso-oposición.

Duración: O contrato terá unha duración de 6,88 meses. Esta duración queda condicionada a que o Concello de Valdoviño resulte beneficiario do programa de subvencións para a contratación de persoal técnico deportivo durante o ano 2016 da Deputación Provincial da Coruña. Si o Concello non resultase beneficiario o contrato extinguirase no momento en que este Concello teña coñecemento fehaciente de tal circunstancia.

3.-Condicións dos aspirantes.

Para tomar parte nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional doutro Estado membro da U.E. ou daqueles Estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 da Lei 7/2007 do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira.

c) Ter cumprida a idade de dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nen estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Idéntico requisito esixírase aos nacionais dos demais Estados membros da U.E., no seu caso.

e) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Licenciatura en Educación Física ou equivalente, diplomatura en Maxisterio con especialidade en Educación Física ou equivalente, técnico superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas.

f) Estar en posesión do carné de conducir B1

4.-Presentación de instancias.

As solicitudes de participación nas distintas probas selectivas presentaranse mediante instancia dirixida ao Sr. alcalde do Concello de Valdoviño.

Presentaranse no rexistro xeral do Concello de Valdoviño, durante o prazo de cinco días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincial. As instancias tamén poderán remitirse en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Si a solicitude non se presenta no Rexistro do Concello de Valdoviño, debe enviarse constancia da mesma o fax 981487294 dentro dos días establecidos para a presentación de solicitudes.

Á instancia achegaranse inescusablemente:

a) Fotocopia compulsada do DNI ou documentación equivalente.

b) Fotocopia compulsada da documentación esixida na base 3.e) e 3.f) para participar neste proceso selectivo.

c) Relación circunstanciada dos méritos que se aleguen, unindo á devandita relación os documentos xustificativos dos mesmos (orixinais ou fotocopias compulsadas), xa que non se tomarán en consideración, nin se avaliarán aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, no momento da presentación da instancia e dentro do prazo conferido para a súa presentación.

5.-Admisión de aspirantes. Data e lugar de celebración das probas.

Rematado o prazo de presentación de instancias, o alcalde, ou órgano delegado, ditará resolución na que se aprobará a listaxe provisional de admitidos e excluídos que se fará pública no Taboleiro de edictos municipal, concedéndose un prazo de tres días hábiles para os efectos de reclamacións dos participantes.

As reclamacións, se as houbera, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a listaxe definitiva, que se publicará do mesmo xeito que a provisional. Nesta mesma resolución figurará a composición do tribunal, lugar, data e hora do desenvolvemento do concurso.

No caso de que, por circunstancias excepcionais, houbese que modificar o lugar, a data ou a hora da realización das probas, publicarase de igual xeito no Taboleiro de edictos municipal.

De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a listaxe de admitidas.

6.-Tribunais cualificadores.

O tribunal cualificador do proceso selectivo será designado polo alcalde- presidente e estará integrado por:

Presidente: O funcionario ou persoal laboral da Corporación que se nomee.

Secretario: O funcionario ou persoal laboral da Corporación que se nomee.

Vogais: Tres vogais designados pola Alcaldía ou órgano delegado.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estime necesario ou axeitado. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto, e limitaranse ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran co tribunal.

O Tribunal cualificador queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas Bases.

7.-Desenvolvemento das probas e programas.

Os aspirantes serán convocados á realización das probas en único chamamento e por orde alfabética, e serán excluídos do proceso selectivo os que non comparezan, agás os casos debidamente xustificados e libremente apreciados polo tribunal.

A publicación dos sucesivos anuncios relativos ao desenvolvemento desta convocatoria, efectuarase no taboleiro de anuncios da Corporación.

8.- Relación de aprobados, presentación de documentos e contratación

8.1.- Concluídas as probas, o tribunal publicará a relación de aprobados por orde descendente de puntuación, e elevará a devandita relación, xunto coa acta da última sesión, á Alcaldía ou órgano delegado quen efectuará a contratación.

8.2.- No prazo de cinco días naturais a contar desde o seguinte a aquel no que se fixeron públicas as listas, os aspirantes aprobados deberán presentar na Área de Persoal do Concello a seguinte documentación:

1. Orixinal do seu documento nacional de identidade ou documentación equivalente.

2. Orixinal do título ou diploma en base ao cal se procedeu á admisión, ou ben xustificante de ter cumpridos todos os requisitos para a expedición do mesmo. Se estes documentos se expediran despois da data de remate do prazo de presentación de instancias, deberán xustificarse á data na que finalizaron os correspondentes estudos.

3. Recoñecemento médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se opta.

4. Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

5. Declaración xurada de non atoparse incurso en ningún dos supostos de incapacidade específica consonte á normativa vixente.

6. Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.

7. Orixinal da cartilla da seguridade social (no caso de ter estado de alta).

8.3.- Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar a documentación requirida, poderá acreditarse que se reúnen as condicións esixidas na convocatoria, mediante calquera medio de proba admisible en dereito.

8.4.- Quen dentro do prazo indicado e salvo casos de forza maior non presentara a documentación, non poderá ser contratado, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puideran incorrer por falsidade na súa instancia.

8.5.- Cumpridos os requisitos referidos, o alcalde ou órgano delegado realizará a contratación do aspirante proposto.

8.6.- O aspirante co que se formalice a contratación estará obrigado a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, con horario de mañá ou tarde, ou fraccionando a xornada se fora preciso. Quedará sometido a un período de proba co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores.

9.- Listaxe de reserva.

Para a cobertura de prazas con carácter interino ou a celebración de contratos laborais con carácter temporal poderá acudir ao proceso selectivo finalizado ao abeiro desta convocatoria ou doutros anteriores nos que houbera aspirantes que, superando algún dos exercicios, non obtiveran praza, debendo optarse polos aspirantes que superaran maior número de probas e que acumulen mellor puntuación.

10.- Recursos.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do días seguinte á recepción da presente notificación (artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), ou ben, previamente e con carácter potestativo, recurso de reposición ante o órgano autor da disposición impugnada, no prazo dun mes (artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro), sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

BASES ESPECÍFICAS

Sistema de selección.

Constará de dúas fases: valoración de méritos e realización dunha proba por escrito relacionada coas tarefas a realizar no Concello de Valdoviño. Dita proba terá unha duración máxima de 45 minutos.

1.- Valoración de méritos

Méritos a avaliar:

Todos os méritos obxecto de valoración deberán ser achegados dentro do prazo de presentación de instancias.

a) Outras titulacións de carácter deportivo relacionadas co traballo a desempeñar polo animador deportivo, distintas da achegada como requisito para participar nesta convocatoria e emitidos por centros educativos e organismos homologados para o efecto:

- Ter licenza recoñecida como adestrador en deportes federados:
- Nivel 1 ou similar (categorías inferiores).....1 puntos.
- Nivel 2 ou similar (categorías ata sénior rexional).....2 puntos.
- Nivel 3 ou similar (categoría sénior nacional).....2,50 puntos.

A Puntuación máxima neste apartado: 2,5

b) Cursos, seminarios, e xornadas relacionados coas funcións propias do posto obxecto desta convocatoria.

- Por cada curso de 10 a 50 horas: 0,10 puntos
- Por cada curso de 51 a 100 horas: 0,25 puntos
- Por cada curso de máis de 100 horas: 0,50 puntos.

Os diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos deberán expresar a súa duración en horas e expresar con suficiente claridade o seu contido básico. Dentro da denominación de “curso” entenderanse incluídos os “seminarios”, “xornadas” e “simposios” e termos equivalentes.

Só se estimarán os cursos impartidos por organismos da administración, institucións públicas ou centros homologados para o efecto.

Non se acumularan as horas que sobren de cada curso a efectos de puntuación.

A puntuación máxima neste apartado será de 3 puntos.

c) Coñecemento da lingua galega:

- Curso de perfeccionamento ou CELGA 4: 1 puntos
- Curso de CELGA 5. : 2 puntos.

De acreditar os dous cursos valorarase só o de maior puntuación.

A puntuación máxima neste apartado será de 2 puntos

d) Experiencia laboral

- Servizos prestados en postos de igual natureza nas Administracións Públicas: 0,10 puntos por mes de servizo completo

- Servizos prestados en postos de igual natureza en empresas privadas: 0,05 puntos por mes de servizo completo.

Os méritos alegados polos aspirantes deberán acreditarse do seguinte xeito:

- Os servizos prestados na administración pública, mediante certificación expedida pola autoridade ou funcionario competente, que reflicta o corpo ou grupo profesional de pertenza así como as funcións realizadas, contratos de traballo debidamente rexistrados, ou certificado de empresa no que consten as funcións realizadas. Deberá acompañarse inescusablemente o certificado de vida laboral expedido polo Organismo Competente da Seguridade Social.

- Os servizos prestados en empresas privadas, mediante contratos de traballo debidamente rexistrados ou certificado de empresa nos que conste o posto desempeñado. Deberá acompañarse, inescusablemente, de certificado oficial de vida laboral.

A estes efectos non se computarán os servizos que prestara simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial. Non se computarán servizos inferiores ao mes considerando este de trinta días.

A puntuación máxima neste apartado será de 2,5 puntos

2.- Realización dunha proba por escrito:

Realización dunha proba por escrito sobre as funcións a realizar valorada cun máximo de 20 puntos. Dita proba terá unha duración máxima de 45 minutos

A cualificación final será o resultado de sumar a puntuación obtida na fase de valoración de méritos alegados e debidamente xustificadas e a proba escrita.

Dado que en ningún caso o número de aprobados pode ser maior que o número de prazas convocadas, resultara seleccionado aquel aspirante que obtivera maior puntuación.

MODELO DE SOLICITUDE

“D/Dª..... titular do DNI nº.....,
e con enderezo a efectos de notificación, en....., CP.....,
Teléfono:.....

EXPOÑO:

Que solicito ser admitido/a para as probas de proceso selectivo por concurso-oposición correspondente a un posto de TECNICO DEPORTIVO, de acordo coa convocatoria publicada no B.O.P

Declaro coñece-las Bases reguladoras desta convocatoria.

Que reúno todos os requisitos esixidos na Base cuarta.

Que achego a esta solicitude, de acordo coas citadas bases, a documentación seguinte:

- Fotocopia compulsada do carné de identidade.
- Fotocopia compulsada do carné de conducir
- Fotocopia compulsada de titulación
- Outros méritos

En Base ó exposto:

SOLICITO:

A miña inclusión no proceso selectivo, convocado polo Concello de Valdoviño.

Valdoviño, de de 2016

Sr. Alcalde do Concello de Valdoviño”

Valdoviño, 15 de abril de 2016

O Alcalde,

Asdo: Alberto González Fernández.

2016/2905